

**CONTIDOS**

<b>1.ª AVALIACIÓN</b> 1. Mostraxe 2. Estatística Inferencial 3. Probabilidade condicionada	<b>2.ª AVALIACIÓN</b> 4. Series temporais 5. Programación lineal	<b>3.ª AVALIACIÓN</b> 6. Métodos numéricos
---	--	---

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación será continua formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames.

## Obtención da cualificación

Probas escritas	50%
Traballo persoal e/ou proxectos	50%

O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Campionato de Cifras e Letras, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser menor o igual que 10.

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Se un/unha alumno/a non acada puntuación positiva nalgunha avaliación, deberá presentarse á proba de recuperación da mesma. Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos e a nota de recuperación basearase unicamente nesta proba.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista a algún exame de avaliación.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: NON

Lecturas Recomendadas:

<b>La medición del mundo</b> Autor: Daniel Kehlmann ISBN: 9788496231979 Editorial: Maeva Hora de Ler: Non Páxinas: 224	<b>El curioso incidente del perro a medianoche</b> Autor: Mark Haddon ISBN: 9788478889105 Editorial: Salamandra Páxinas: 272	<b>El contador de arena</b> Autor: Gillian Bradshaw ISBN: 9788498380323 Editorial: Salamandra Páxinas: 384
---	--	--

Consultar co profesorado. Poden usarse libros da aula de Matemáticas.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

Canguro Matemático, Campionato de Cifras e Letras, Olimpiada de Matemáticas (Bacharelato), Open Matemático.